



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

DECRETO DE CONVOCATORIA DE SESIÓN

Nº 1340/2014

ÓRGANO: **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
TIPO DE SESIÓN: **ORDINARIA**

De conformidade coas atribucións conferidas nos artigos 21.1.c) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, 61.1.c) da Lei galega 5/1997 de Administración Local e 41.4 e 79 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o Decreto da Alcaldía 1330/2014, de 4 de decembro.

Esta Alcaldía procede a convocar sesión da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** a celebrar o vindeiro lúns **9 de decembro de 2014** ás **13:30** horas, na Sala de Xuntas da Casa do Concello.

A **ORDE DO DÍA** é a que segue:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE DECEMBRO DE 2014.

2º.- INFORME ESIXIDO POLO ART. 41.2.C) DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA: ACTIVIDADE DE ESTACIÓN DE ALMACENAMENTO DE GLP MÁIS A REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS PROPANO NO TERMO MUNICIPAL DA ESTRADA, INTERESADA POR REPSOL BUTANO, S.A. (REPRESENTADA POR D. IGNACIO QUIROGA LIAÑO); SEGUNDO PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

3º.- INFORME SOBRE A ACTIVIDADE DE ESTACIÓN DE ALMACENAMENTO DE GLP MÁIS A REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS PROPANO NO TERMO MUNICIPAL DA ESTRADA, SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL (ART. 9.1 DO DECRETO 133/2008, DO 12 DE XUÑO), INTERESADA POR REPSOL BUTANO, S.A. (REPRESENTADA POR D. IGNACIO QUIROGA LIAÑO); SEGUNDO PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

4º.- SOLICITUDE DE INFORME POR AUGAS DE GALICIA (ZONA HIDROGRÁFICA GALICIA-CENTRO), EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DH.A36.43405, INICIADO A INSTANCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS "TRAS DO AGARIÑO".

5º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DA ESTRADA 2014"; SEGUNDO PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

6º.- PAGAMENTO, SE PROCEDE, AO GAÑADOR DA XXVI EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA "MANUEL GARCÍA BARROS"; SEGUNDO PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA.

7º.- EXPEDIENTE DE VIAXES PARA MAIORES EN COLABORACIÓN CO IMSERSO, CORRESPONDENTES Á TEMPADA 2014/2015; SEGUNDO PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL.

8º.- SOLICITUDE DE COBRAMENTO DA DIFERENCIAS RETRIBUTIVAS POR SUBSTITUCIÓN DAS SEÑORAS INTERVENTORA E SECRETARIA EN FUNCÍONS, INTERESADA POR D. LUIS M. LOZANO LORENZO.

9º.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA DEFINITIVA CONSTITUÍDA EN CONCEPTO DE GARANTÍA POLO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE DÚAS CÁMARAS FRIGORÍFICAS, INTERESADA POR RAMOS Y MARIÑO, S.L.

10º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 464/2014.

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCÍONS DA ALCALDÍA NÚMEROS 1304/2014, 1312/2014, 1313/2014, 1314/2014 E 1321/2014.

A Estrada, 5 de decembro de 2014

A ALCALDESA EN FUNCÍONS,

Vto.:
A SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Amalia Goldar Cora

M^a Jesusa Fernández Bascuas